CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquire vocabulario a través da comprensión global do texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos?).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
11	ARTE NO ANTIGO EXIPTO.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprende un texto escrito sinxelo.	PE	50
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	- Recoñece e elabora campos semánticos. - Recoñece e emprega o verbo correctamente.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	- Utiliza o signo de interrogación correctamente, ademais das normas ortográficas e de puntuación dadas ata o momento.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe e completa textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostra interese e respecto polas dúas linguas cooficiais.	TI	50
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñece algún prexuízo relacionado co galego/castelán a partir da observación da contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as dúas linguas empregadas na súa contorna.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Escoita activa e comprensión de textos orais.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta a quenda de palabra e escoita con atención.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le en voz alta textos sinxelos cunha velocidade axeitada a súa idade e con certa expresividade, identificando o sentido global do texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquire un hábito lector e o gusto pola lectura.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Busca información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autoras e autores.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoita e le textos orais e escritos.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Realiza entrevistas dado un modelo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.

Contidos

- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
12	XEROGLÍFICOS NO ANTIGO EXIPTO.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprende un texto escrito sinxelo.	PE	50
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	- Ordena palabras alfabeticamente. - Recoñece e expresa o alfabeto. - Escribe oracións con coherencia.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	- Utiliza o punto final ademais das normas ortográficas e de puntuación dadas ata o momento.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribe e completa textos.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Escoita activa e comprensión de textos orais.	TI	50
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le en voz alta textos sinxelos cunha velocidade axeitada a súa idade e con certa expresividade, identificando o sentido global do texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Adquire un hábito lector e o gusto pola lectura.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Busca información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autoras e autores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoita e le textos orais e escritos.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Realiza descrições dado un modelo.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de comprensión de textos en contextos significativos.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Realiza as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos?). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Contexto

Contidos

- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿).
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).
- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva (aínda que este principio non se conseguirá ata que a administración non dote aos centros dos recursos precisos), activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizaremos a práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade d@s alumn@s, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de tod@s elas/es e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Coidaremos á atención personalizada do alumnado, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Poñeremos en práctica mecanismos de reforzo e medidas ordinarias de atención á diversidade na aula tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas consideraremos o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo ou de metodoloxías.

Deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.
Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS:

Internos: nun principio temos á titora máis os especialistas.

Externos: contamos cos outros dous centros educativos de Melide, o Instituto, o Concello de Melide e a Biblioteca municipal.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar:

- Cuadernos da editorial Anaya.
- Actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Material funxible.
- Plastilina.
- Libros de consulta.
- Globo terráqueo.
- Biblioteca aula/escolar.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, ordenadores, entre outros.

RECURSOS DIXITAIS: libro dixiti, páxinas webs educativas, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de Plástica, aula de Música, aula de Relixión, aula de Inglés, ximnasio así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumn@.
- Realizárase actividades para a avaliación inicial.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Torbellino de ideas antes de cada unidade didáctica.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	8	9	9
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas terán un peso do 50% e corresponderán ás probas escrita obxectivas.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas e escalas de observación, entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican e avaliarán tanto o traballo diaria na aula (30%), o traballo realizado na casa (10%) e as normas de convivencia na aula (10%) Ditas porcentaxes atópanse distribuídas entre os diferentes criterios de avaliación de cada unidade didáctica.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo das probas escritas realizarase a media aritmética das unidades de cada trimestre.

O resultado dos cálculos da nota final redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Tamén hai que indicar que a partir do segundo trimestre traballarase diferentes regras ortográficas (maiúsculas, punto, mp/mb, signos de interrogación e exclamación). A medida que se van dando, restarase nas probas escritas por cada fallo 0,1 da nota final.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 40% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 60%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado a través dunha avaliación inicial. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos elaborados e levados a cabo polo profesorado que imparta a área, de ser posible, contarase coa con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Ademais, de ser necesario traballarase programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización do período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Atención individualizada.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro)

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a museos, exposicións,..	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións,...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X

Observacións:

Este curso escolar a temática do centro versará sobre "Os camélidos" (características, hábitat, civilizacións,...) Con todo, nun principio temos planificado as seguintes actividades complementarias:

- 1º TRIMESTRE:

- Actividade coa fundación ENKI.
- Cine en Santiago de Compostela (NUMAX) Visionado da película "Momias"

- 2º TRIMESTRE:

- Visita ao Enredo do abelleiro en Arzúa máis o encoro de Portodemouros coa posibilidade de cruzar nun ferri.
- Visita guiada as ruínas romanas e termas en Lugo.

- 3º TRIMESTRE:

- Saída a Fervenza aventura. Actividade de convivencia con todo o alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariaidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Empregarase o diario de aula para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

1. OBSERVACIÓNS

A realización de dita programación supuxo unha merma na calidade da preparación das miñas clases de 1º de Educación Primaria xa que se nos impuso unha data de entrega moi curta, o 20 de setembro de 2023, cando as/os titoras/es dos cursos impares non tiveramos ningún tipo de experiencia coa aplicación PROENS. A isto hai que sumarlle que a aplicación estivo inoperativa 2 días, que REALMENTE para crear unha programación de "calidade" tivemos, tristemente, 7 días. E dende o día 11 de setembro de 2023 invertín 4 horas diarias, é dicir, que en vez de traballar 37 horas e media á semana, aportei 15 horas e media de máis. Dito isto, espero que dita observación se teña en conta para que nun futuro a Consellería pense máis na calidade das clases reais e non na burocracia.